



Anuncio do acordo do Consello de Administración da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A. (VIPUGAL), polo que se aproba a resolución definitiva do proceso selectivo para o ingreso, polo sistema de concurso oposición, no cadro de persoal laboral fixo da sociedade, na categoría de TÉCNICO XURÍDICO, de conformidade coa proposta da Comisión de Selección.

O Consello de Administración de VIPUGAL, na súa sesión de 31.07.2026, adoptou o seguinte acordo:

- Aprobar a listaxe definitiva de puntuacións, de conformidade co acordo da Comisión de Selección do proceso selectivo arriba indicado de data 18 de maio de 2026, ratificando o devandito acordo, que se incorpora ao presente anuncio como **ANEXO**.
- Nomear aos candidatos propostos pola Comisión de Selección do proceso selectivo para a cobertura do posto de TÉCNICO XURÍDICO da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A. que se relacionan a continuación, por ser os candidatos con maior puntuación, de conformidade co acordo da Comisión de Selección:
 1. Lozano Obispo, Myriam
 2. Bayo Rodríguez, Domingo Ángel
- Publicar a resolución do proceso selectivo na web de VIPUGAL.
- Os aspirantes seleccionados deberán presentar nas dependencias de VIPUGAL, **no prazo de TRES DÍAS HÁBILES**, a contar dende o día seguinte á publicación do presente acordo na páxina web de VIPUGAL, a documentación prevista no apartado 4) das bases para os aspirantes seleccionados.
- Unha vez nomeados polo Consello de Administración de VIPUGAL os aspirantes seleccionados, deberán subscribir o contrato dentro de UN MES dende a publicación do acordo do Consello de Administración da relación de aspirantes aprobados.
- No caso de renuncia dalgún dos candidatos propostos, ou non presentación da documentación prevista nas bases, ou non comparecencia á firma do contrato



no prazo previsto, ou noutros casos que producisen os mesmos efectos, seguirase a orde da lista de aspirantes que superaron as correspondentes fases do proceso selectivo ata finalizar a mesma.

- Deléganse na Xerente da sociedade as facultades necesarias para a firma do correspondente contrato de traballo cos aspirantes nomeados, podendo efectuar a incorporación dos mesmos de xeito gradual, dentro do prazo de UN MES dende a publicación do presente acordo na páxina web de VIPUGAL, a fin de organizar dita incorporación e a substitución do persoal interino que está a ocupar actualmente os postos obxecto de cobertura, do xeito máis adecuado para as necesidades da sociedade. Asemade, delegase na Xerente a facultade de efectuar os chamamentos aos seguintes na lista de aprobados para o caso de que se dean as circunstancias referidas no apartado anterior.
- Para o caso de que algún dos candidatos seleccionados pretendere solicitar a excedencia voluntaria unha vez firmado o contrato, deberán terse en conta as normas do Convenio Colectivo aplicable ao persoal de VIPUGAL, conforme ao cal, para solicitar a excedencia voluntaria o traballador deberá ter unha antigüidade mínima de UN ANO como traballador fixo ou indefinido de VIPUGAL.

Documento firmado electrónicamente na data que figura na firma dixital.

María Doporto Santos
Xerente de VIPUGAL

LISTA DEFINITIVA DE PUNTACION FINAL(MERITOS+PROBA ESCRITA)

Ref. do posto: 02-TD-(03-04) TECNICO/A XURIDICO/A DO DEPARTAMENTO XURIDICO E DE CONTRATACION

	APELIDOS E NOME	DNI	ESCRITA 100%	PROBA ESCRITA 60%PUNTUACION FINAL	MERITOS 100%	MERITOS 40% PUNTUACION FINAL	PUNTUACION TOTAL
1	LOZANO OBISPO, MYRIAM	*****66K	77,75	46,65	41,51	16,60	63,25
2	BAYO RODRIGUEZ, DOMINGO ANGEL	*****44W	61,25	36,75	43,25	17,30	54,05
3	ARES GOMEZ, SUSANA	*****67H	62,00	37,20	39,37	15,75	52,95
4	VELO CALVO, LORENA	*****51X	74,75	44,85	14,57	5,83	50,68
5	RODRIGUEZ FARIÑA, ALEJANDRO	*****09N	70,25	42,15	6,60	2,64	44,79
6	HERMIDA VAZQUEZ, ROBERTO	*****96N	61,00	36,60	6,59	2,64	39,24